



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2025**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

### **INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

D. Laura Garcia Santiago

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e cinco minutos do día nove de decembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D<sup>a</sup> Laura Garcia Santiago e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2025**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 2 de decembro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 2 de decembro de 2025.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:



- Real decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito de sector público. BOE número 290, de 03-12-2025.

- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Orde de 20 de novembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concurrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan para o ano 2026, destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT811A). DOG número 234, do 03-12-2025.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende as 15,40 horas do día 27 de novembro de 2025 ao 3 de decembro de 2025, que comezan coa resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo núm. 1163/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1202/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1163/2025	28-11-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 14/11/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar. Solicitante: JEQG
1164/2025	28-11-2025	Considerar desistido a JALR da solicitude no servizo de axuda no fogar solicitada con data 04/09/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1165/2025	27-11-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de setembro de 2025 por importe de 46.998,16 euros
1166/2025	28-11-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a MRRQ con taxa de 3,39 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 15/12/2025
1167/2025	28-11-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar a MGC con taxa de 10,16 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 09/12/2025
1168/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Sporting Cambre Sociedad Deportiva Cultural y Recreativa E Asociación Deportiva y Cultural Clubes de Fútbol de Cambre
1169/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes completo de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Club Colobófilo Mensaxeiras de Cambre
1170/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes

		completo de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Asociación Micolóxica Andoa de Cambre
1171/2025	28-11-2025	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de setembro de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos, por importe total de 69.933,69 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de setembro de 2025 por importe de 18.359,39 euros
1172/2025	28-11-2025	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das retencións practicadas na nómina de novembro de 2025
1173/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Once Caballeros CF
1174/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Club Colobófilo Mensaxeiras de Cambre
1175/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Asociación Xuvenil Bribes Y Hills
1176/2025	28-11-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de decembro de 2025
1177/2025	28-11-2025	Acceder ao solicitado e dar acceso á consulta dos expedientes de subvencións municipais nas que figure como entidade solicitante ou beneficiaria Club Ciclista Cambre
1178/2025	01-12-2025	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de outubro de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos gastos, e o seu pagamento, por importe total de 65.000,79 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de outubro de 2025 por importe de 17.922,59 euros
1179/2025	01-12-2025	Aprobar as facturas por un importe total de 17.407,16 euros. Autorizar e dispor, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes
1180/2025	01-12-2025	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 2.285,28 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a ARF, arquitecto municipal do Concello de Cedeira, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos
1181/2025	01-12-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal no seu informe de 1 de decembro de 2025 a efectos de continuar coa tramitación do procedemento, isto con base nos informes do enxeñeiro técnico de obras públicas interino. Dispoñer que continúe o procedemento para adxudicación do expediente de contratación da "Subministración en réxime de aluguer e instalación de iluminación ornamental no Concello de Cambre 2025/26
1182/2025	01-12-2025	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de

		732,78 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a BIS técnica de xestión de administración xeral do Concello de Culleredo, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos suscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo o 16 de outubro de 2025 polas horas traballadas no mes de outubro, dos que 579,06 euros corresponden á empregada e 153,72 euros á Seguridade Social. Aprobar a ordenación e realización do pago ao Concello de Culleredo
1183/2025	02-12-2025	Aprobar as facturas por un importe total de 3.896,00 euros
1184/2025	02-12-2025	Considerar desistida a MGP da solicitude do servizo de axuda no fogar solicitada con data 13/07/2022 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento e a súa baixa da listaxe de agarda do servizo de axuda no fogar municipal
1185/2025	02-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: XZL
1186/2025	02-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JMPA
1187/2025	02-12-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 16/09/2025, xa que segundo o disposto no artigo 23.7 da ordenanza reguladora, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social. Solicitante: IGM
1188/2025	02-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MEVB
1189/2025	02-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención, de data 25 de novembro de 2025, tendo en conta os informes emitidos pola responsable da Axencia de Desenvolvemento local de data 26 de novembro de 2025 e da coordinadora de Servizos sociais con data 27 de novembro de 2025 e 1 de decembro de 2025. Aprobar as facturas por un importe total de 254.313,24 euros
1190/2025	03-12-2025	Rectificar o erro material detectado na Resolución da Alcaldía número 1168/2025 de data 28 de novembro
1191/2025	03-12-2025	Dar de alta na aplicación PMH-Accede, con perfil de acceso de xestión avanzada, á usuaria MBN, auxiliar administrativa interina adscrita á Secretaría. Dar de alta nas aplicacións IDA-PADRÓN (con acceso a todos os servizos: IDA-Web, IDA-Cifras, IDA-Consul) e IDA-CELEC, dependentes do Instituto Nacional de Estatística, á usuaria MBN. Dar de baixa das aplicacións IDA-PADRÓN e IDA-CELEC á usuaria VESO
1192/2025	03-12-2025	Considerar desistido a VMPH da solicitude da axuda económica de

		emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 07/08/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1193/2025	03-12-2025	Conceder a autorización para exercer a venda ambulante durante a tempada de Nadal ata o día 18 de xaneiro de 2026, en horario de mañá e tarde. O lugar para situar o posto de venda ambulante será a rúa Tapia xunto ao campo de chave. Solicitante: MVC
1194/2025	03-12-2025	Considerar desistida a MPMN da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 14/07/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1195/2025	03-12-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar e con taxa de 10,16 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora e 15 minutos de martes a venres. A data de alta é: 15/12/2025. Solicitante: MRG
1196/2025	03-12-2025	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Sobreguexe, parroquia de Cecebre. Solicitante: PPO
1197/2025	03-12-2025	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 555.314,49 euros, a favor do Consorcio das Mariñas, pola taxa de recollida do lixo do primeiro trimestre de 2025
1198/2025	03-12-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ELLG
1199/2025	03-12-2025	Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros de camiños, canais e portos interinos. Aprobar a designación dos membros integrantes do tribunal cualificador
1200/2025	03-12-2025	Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros de obras públicas interinos. Aprobar a designación dos membros integrantes do tribunal cualificador
1201/2025	03-12-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 12 metros lineais destinada a proporcionar subministración de gas canalizado á vivenda unifamiliar sita na rúa Estanque de Abaixo, parroquia do Temple. Solicitante: NG, S.A
1202/2025	03-12-2025	Expedientes sancionadores de tráfico

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.



## **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo